



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

Wirtz
I.E.S

Erasmus+



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

IES Fernando Wirtz Suárez

Acción KA103-**KA131** - SMP

Proyecto de movilidad para estudiantes de
Ciclos Superiores de Formación Profesional

Prácticas FCT en el extranjero

Datas de realización da estadía

- As mobilidades de alumnado realizaranse no período comprendido entre marzo e xuño do curso no que se remata o ciclo ou en setembro e decembro.

Estudiantes elixibles

- Matriculados nunha Institución de Educación Superior (HEI), cursando estudos conducentes a unha titulación recoñecida.
- Esta convocatoria é para facer as prácticas en empresa (FCT), polo que todos os estudantes deberán ter superados todos os módulos do ciclo no intre de iniciar a estadía no estranxeiro.

Selección de Participantes

Factores a ter en conta:

- Expediente académico de cada candidato/a.
- Competencia lingüística no idioma do país de destino/ou inglés, segundo os casos.
 - Valorarase positivamente cursos ou probas de nivel que certifiquen que o participante ten o nivel de idiomas correspondente.
- Estar a cursar ou haber cursado seccións bilingües no ciclo formativo.

Selección de Participantes

Factores a ter en conta:

- Grao de madureza persoal.
- Motivación profesional.

Selección de Participantes

Principios na selección *(segundo a Axencia Nacional)*:

- O proceso debe ser equitativo, transparente, coherente e quedar documentado.
- Os criterios deben ser públicos.
- Deben evitarse os conflitos de intereses.

Selección de Participantes

Baremación Solicitudes - Criterios Aplicados:

Expediente académico.

No caso dos alumnos que estean matriculados no segundo ano, no mesmo curso en que realizan a mobilidade, terase en conta a nota media obtida polo estudante no primeiro ano. No caso dos estudantes que teñan cursado o segundo curso no ano académico anterior, terase en conta a nota media dos dous cursos.

Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida o idioma de traballo, en caso de que sexa diferente a do país de acollida.

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- Nota media do alumno no primeiro curso, no caso de que o idioma de traballo este incluído no currículo do ciclo
- Certificacións de competencias lingüísticas aportadas.
- Probas realizadas no propio centro, no seu caso.

Competencias persoais e actitudes.

Esta valoración farase polo equipo de profesores que imparten clases no Ciclo Formativo, ou persoa/as en quen deleguen, sobre a actitude do alumno e a idoneidade da súa actitude para desenvolver a estada.

Outros

- Darase preferencia os estudantes que nunca participaron en mobilidades Erasmus
- Favorecerase a participación no programa dos alumnos con algún tipo de discapacidade, que contarán con axuda complementaria para atender os custos extraordinarios derivados desa discapacidade.

Adicionalmente, tras consulta telefónica a Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, tivéronse en conta outros factores á hora de baremar as solicitudes:

Ámbito lingüístico: o carácter “bilingüe nativo” puntuouse positivamente, asignando dous puntos adicionais.

Resultado académico en “módulos de segundo curso-primeiro trimestre”: penalizouse ter módulos pendentes. Dado que a finalidade das bolsas é facer prácticas no estranxeiro e é requisito indispensable ter todos os módulos superados. Penalizouse con 1 punto o módulo completo e 0,5 puntos cando tan só ten pendente unha parte dun módulo.

Selección de Participantes

Baremación Solicitudes - Criterios Aplicados:

http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/7926

Artigo 4. Criterios de selección do alumnado e profesorado candidato en cada centro

4.1 Criterios de selección do alumnado.

1. Expediente académico (máximo 4 puntos). *Terase en conta a nota media obtida polo/a estudante no primeiro curso do ciclo formativo.*

- *Se a nota media é de 6 ou menos: 2 puntos.*

- *Se a nota media é de máis de 6 e menos de 8: 3 puntos.*

- *Se a nota media é de 8 ou máis: 4 puntos.*

2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, no caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 4 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

a) Nota media do/a alumno/a no primeiro curso, no caso de que o idioma de traballo estea incluído no currículo do ciclo.

b) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas.

c) Probas realizadas no propio centro, no caso de que non teña certificación de competencias lingüísticas.

d) Calquera outro método para probar as competencias lingüísticas decidido polo comité de selección.

3. Competencias persoais e actitudes (máximo 4 puntos).

O comité de selección considerará para este criterio a valoración das actitudes e comportamento do alumnado, tendo en conta as opinións e a información dada por aqueles que ensinen ao estudante em particular, dando máis puntos a aqueles alumnos/as considerados/as baixo este criterio máis adecuados para formar parte destas mobilidades.

4. Outros.

No caso de empate nos méritos darase prioridade, pola seguinte orde:

4.1 Aos estudantes de contornas socioeconómicas menos favorecidas.

4.2 Aos estudantes que nunca participaran nas mobilidades do Programa Erasmus+.



Participación no proceso de Selección

Se estás interesado en participar no proceso de selección, descarga da web do instituto o formulario de inscrición e envíao a: programaseuropeos@fernandowirtz.com

Nese mesmo enderezo electrónico atenderemos calquera dúbida.

Non perdas esta oportunidade !!! Este ano a dotación das becas aumentou sobre todo para os que tiverades beca do ministerio no curso anterior.

Data límite de entrega da solicitude: 11 de novembro

Acordo co educando

Antes de partir, os beneficiarios de FP deberán asinar un acordo coas organizacións de envío e de acollida que incluírá o seguinte:

- Un «**Acordo de Aprendizaxe**» no que se detallará o programa de formación que se haberá de seguir, de acordo co educando, a organización de envío e a de acollida. Este acordo define os resultados de aprendizaxe previstos para o período de aprendizaxe no estranxeiro e especifica as disposicións formais de recoñecemento (p. ex., ECVET).
- Un «**Compromiso de calidade**» anexo ao Acordo de Aprendizaxe no que se mostran as obrigas dos estudantes en prácticas, as organizacións de envío e acollida e, se procede, as organizacións intermediarias.

Acordo co educando

A firma dun Acordo de Aprendizaxe dá dereito ao beneficiario de FP a recibir unha bolsa de apoio para o seu período de formación práctica no estranxeiro. Esta bolsa pode consistir nun dos elementos seguintes ou en ambos:

- Unha **bolsa da UE** calculada por día de actividade (véxase a sección «*Normas de financiamento*»).
- Unha **bolsa local, rexional ou nacional** achegada por un doante público ou privado, ou un plan de préstamos.



Axuda Financeira EU + Xunta

- Depende do país de estancia e da distancia

		Cantidad mensual de las ayudas
Grupo 1 Países del programa con costes de vida más altos	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia. Países asociados de la región 14.	310 €
Grupo 2 Países del programa con costes de vida medios	Alemania, Austria, Bélgica, Chipre, España, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Bajos, Portugal. Países asociados de la región 5.	260 €
Grupo 3 Países del programa con costes de vida más bajos	Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, República de Macedonia del Norte, Rumanía, Serbia, Turquía.	210 €

+ 150€/mes por ser prácticas e non estudos
+ 250€/mes para becarios MEC

+ 680€ aprox. Axuda FCT da Consellería

Exemplo financiación país costes “medios”:

Duración da FCT. 2,5 meses:

EU: $(260+150) \times 2,5 = 1.025 \text{ €}$
Axuda Xunta = 680 €
TOTAL = **1.705 €**

Para os becarios MEC: $250 \times 2,5 = 750 \text{ €}$
TOTAL con beca MEC = **2.455 €**

80% beca EU ao saír, 20% beca EU á volta. Axuda da Xunta en decembro



Bolsa cero Erasmus

Pode haber **“beneficiarios de FP con bolsa cero Erasmus”**, é dicir, educandos que realizan períodos de formación práctica correspondentes aos criterios de mobilidade de FP de Erasmus+ e beneficianse de todas as vantaxes que leva ser educando Erasmus+, pero **non reciben bolsa de mobilidade Erasmus+** para custos de viaxe e estancia, pero que cumpren todos os criterios de mobilidade dos estudantes.

Todas as normas establecidas no programa, excepto as relativas á concesión de bolsas, aplícanse tamén a estes **“beneficiarios de FP con bolsa cero Erasmus”**.

Poden recibir unha bolsa rexional, nacional ou doutro tipo para contribuír aos seus custos de mobilidade.



Apoio lingüístico

A utilización deste servizo será **obligatoria en todas as mobilidades**, agás para estudantes nativos desas linguas, e tanto para os estudantes que reciben financiamento de fondos europeos como os que non reciben financiamento de fondos europeos (con bolsa cero).

Obxectivos:

- Avaliar o nivel de competencia da lingua na que se realizarán os estudos ou as prácticas.
- Mellorar o coñecemento da lingua antes e/ou durante a mobilidade, mediante a realización de cursos on-line.

Características:

- Desenvolvido inicialmente para alemán, español, francés, inglés, italiano e neerlandés.
- As Axencias Nacionais realizarán unha distribución de licenzas ás institucións participantes.

Competencia lingüística




- Antes da mobilidade terá lugar unha **avaliación inicial** da competencia lingüística na lingua na que se realizarán os estudos/prácticas. Esta avaliación realízase con fins estatísticos e non terá ningún efecto na selección dos participantes. **Esta primeira avaliación das competencias lingüísticas dos estudantes na plataforma ha de realizarse antes de iniciar a súa mobilidade.**
- Tras a avaliación inicial asignaranse as **licenzas** necesarias para a realización dun **curso en liña** por parte daqueles participantes que non alcancen o nivel establecido.
- Tras a mobilidade é recomendable facer outra avaliación** da competencia lingüística.


Ao asinar o “*Acordo de Aprendizaxe*” os estudantes seleccionados para o curso **comprométense** á súa realización.

Cuadro resumen de documentos Erasmus

Previo á saída



Ao regreso





Acción KA103-KA131

Prácticas FCT no estranxeiro



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

Antes da mobilidade



Inscripción previa a mobilidade

Período Marzo-Xuño

- En decembro: Primeira quincena
 - Cumprimentación do formulario de solicitude
 - Avaliación do nivel lingüístico
 - Avaliación do grado de madurez
 - Selección de participantes.
 - Solicitude permiso a Consellería de Educación para os estudantes seleccionados para facer as prácticas no estranxeiro.
- En decembro: Derradeira semana
 - Reunión cos estudantes seleccionados para poñer en marcha a estadía.
 - Concreción das datas do período de prácticas coas empresas (intermediaria)
- En decembro:
 - Os alumnos seleccionados serán rexistrados na plataforma OLS para facer a avaliación lingüística previa.



Inscripción previa a mobilidade

Período Setembro-December

- En Abril: Última quincena
 - Cumprimentación do formulario de solicitude
 - Avaliación do nivel lingüístico
 - Avaliación do grado de madurez
 - Selección de participantes.
 - Solicitude permiso a Consellería de Educación para os estudantes seleccionados para facer as prácticas no estranxeiro.
- En Maio: Terceira semana
 - Reunión cos estudantes seleccionados para poñer en marcha a estadía.
 - Concreción das datas do período de prácticas coas empresas (intermediaria)
- En Maio:
 - Os alumnos seleccionados serán rexistrados na plataforma OLS para facer a avaliación lingüística previa.

Documentación anterior a movilidad

Os alumnos deberán aportar

- Copia do DNI.
- Certificación bancaria co número de conta (IBAN).
- Currículo no formato **EUROPASS**. O modelo pode descargarse no seguinte vínculo:

<http://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>

- O **currículo** debe ser remitido **en inglés** ou no idioma de destino do estudante.

Esta información deberase enviar en formato de arquivo .pdf

Nalgúns casos poderá solicitarse documentación/información extra para realizar a selección da empresa.



Acordo de Formación

ANEXO IV – MODELOS DE DOCUMENTOS DE CONVENIO PARA USO ENTRE BENEFICIARIO Y PARTICIPANTE

Sinatura do Convenio de Subvención máis tres anexos:

- Anexo I: Acordo de Aprendizaxe
- Anexo II: Condicións xerais
- Anexo III: Carta de estudante Erasmus

Convenio de Subvención: Estructura

- Datos das institución de envío e do participante
- Condicións Particulares:
 - I. Obxecto do convenio
 - II. Entrada en vigor e duración
 - III. Axuda financeira
 - IV. Modalidades de pagamento
 - V. Seguro
 - VI. Apoio lingüístico
 - VII. Cuestionario UE
 - VIII. Lexislación aplicable e tribunais competentes

Convenio de Subvención: Seguro

- Debe indicarse que todos os participantes foron informados debidamente.
- Responsable de contratar os seguros obrigatorios.
 - O estudante:
 - Seguro médico (tarxeta sanitaria europea ou de entidade privada)
 - Seguro privado (si o estima necesario)
 - A Xunta de Galicia:
 - Responsabilidade civil
 - Accidentes

¡¡Moi Importante!!

- Obter un **compromiso firme por parte do estudante**. As cancelacións unha vez buscada a empresa poden xerar gastos extra.
- O **nivel de idioma** é moi importante á hora de facer a selección. A maioría dos problemas xerados na empresa son a causa do nivel de idioma.
- Entregar ó estudante a ***Carta del estudiante Erasmus***.



Acción KA103-KA131
Prácticas FCT no estranxeiro



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

Durante a mobilidade



Durante a mobilidade

Forza maior:

- Se un participante non pode cumprir coas súas obrigas por casos de forza maior, unicamente se solicitará o reembolso das actividades non realizadas.
- Os casos de forza maior deben ser **comunicados e aceptados por escrito pola AN.**



Acción KA103-KA131
Prácticas FCT no estranxeiro



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

Tras a mobilidade

Recoñecemento dos resultados de aprendizaxe

- ❑ Institución de **acollida**:
 - Certificado de prácticas, confirmando os resultados do programa acordado.

- ❑ Institución de **envío**:
 - Recoñecemento das competencias adquiridas
 - Uso de ferramentas de recoñecemento formal: ECTS, suplemento o título, Europass mobility, ...

- ❑ Os resultados da avaliación lingüística e dos cursos de lingua en liña comunicaranse ás autoridades centrais, pero non darán lugar a ningunha cualificación formal.

Certificado da Estadía – Plan Individualizado

¡¡ IMPORTANTE !!

- Debe estar cuberto con todos os detalles:
 - nome da empresa
 - nome do estudante
 - centro de formación
 - datas da mobilidade
 - debe incluír as tarefas realizadas polo estudante (márcase por ser un erro común)
 - estar asinado e selado no orixinal.

- Recoméndase ó beneficiario pedir polo menos 2 orixinais, debido a que un documento orixinal debe quedar na Consellería.

Elaboración de informes

Ao final do período no estranxeiro os beneficiarios de FP que levasen a cabo unha actividade de mobilidade deberán **elaborar e presentar un Informe Final**.

Cando se trate de actividades de mobilidade de 19 días de duración ou máis, o informe incluírá unha **avaliación cualitativa do apoio lingüístico** recibido durante o período de mobilidade.

Estudiantes que non presenten devandito informe:

- Poderase esixir que **reembolsen total ou parcialmente a subvención da UE recibida**.
- No caso de que o alumno non puidese completar as actividades previstas por causas de forza maior, este reembolso non se esixirá. Estes casos serán notificados pola organización de envío e quedarán suxeitos á aceptación por escrito da Axencia Nacional.



Acción KA103-KA131
Prácticas FCT no estranxeiro



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

Avaliación Lingüística final on-line



Ao finalizar o seu período de mobilidade, todos os estudantes deberán realizar unha **segunda proba de nivel** on-line. (*Opcional desde 2020*)